

**MEMORIA PROPOSTA PARA A CONVOCATORIA, POLO PROCEDIMENTO DE LIBRE DESIGNACIÓN, DO POSTO DE XEFE/A DO SERVIZO ECONÓMICO-FINANCIERO DA VIXENTE RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA INSTITUCIÓN DO VALEDOR DO POBO.**

A Valedora do Pobo é a alta comisionada do Parlamento de Galicia para a defensa, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas recoñecidos na Constitución, estendéndose a súa actividade á tutela dos dereitos individuais e colectivos emanados do Estatuto de Autonomía.

O artigo 10 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo establece o réxime do persoal da institución, determinando que o persoal ao seu servizo, dependerá orgánica, funcional e disciplinariamente da Valedora do Pobo. O persoal ao servizo da Institución, segundo establece o mesmo artigo, deberá reunir a condición previa de funcionario ou funcionaria de calquera das administracións públicas e poderá ser adscrito á oficina por libre designación, segundo a relación de postos de traballo.

O posto de Xefe/a do Servizo II, que figura na vixente relación de postos de traballo (BOPG nº 596, do 24 de xaneiro de 2020) co número 9, do que se modificou a súa denominación pola de Xefe/a do Servizo Económico-Financeiro, así como se estableceron as súas funcións por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 23 de maio de 2023 (Boletín Oficial do Parlamento de Galicia nº 497, do 25 de maio), atópase na actualidade vacante.

As funcións do dito posto consisten na coordinación coa Intervención do Parlamento de Galicia a efectos da actividade económico-financeira da institución, a confección do orzamento anual, o impulso dos expedientes de contratación precisos para o adecuado funcionamento da institución, o mantemento da sede do Valedor e calquera outras funcións que lle asigne a persoa titular da Institución.

Dada a necesidade de cobertura do citado posto de traballo, estímase procedente proceder á súa adscrición mediante o procedemento de libre designación (artigo

29 do Estatuto de Persoal do Parlamento), que é a forma de provisión prevista para este posto na vixente relación de postos de traballo da Institución do Valedor do Pobo.

En consecuencia,

**PROPONSE,**

A aprobación da convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de Xefe/a do Servizo Económico-Financeiro da Institución conforme ás bases que se detallan no documento anexo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Santiago González Serrano  
**Xefe do Servizo de Administración e Persoal**

**EXCMA. SRA VALEDORA DO POBO**